

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN ACADÉMICA DO MÁSTER UNIVERSITARIO EN ENXEÑARÍA QUÍMICA E BIOPROCESOS

- Día: Venres 3 de febreiro de 2023
- Lugar: Sala X3.2 (ETSE) + MS-Teams
- Hora de inicio: 13:05 h
- Asistentes: José Luis Ares Sainz, Adrián Carpenente Viqueira, Cristina Díaz Jullien, Julia González Álvarez, Miguel Mauricio Iglesias, M. Carmen Palacios Oubiña, Eva Rodil Rodríguez, Héctor Rodríguez Martínez, Ana M. Soto Campos.
- Escusan a ausencia: M. Dámaso Rodríguez Fernández.

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión da Comisión de data 13-1-2023.
2. Ratificación da aprobación de cambio de título de dúas propostas de TFM
3. Informes.
4. Tribunais de defensa de TFM na convocatoria de febreiro de 2023.
5. Proposta de Comisión Redactora da Memoria do título (modificación substancial do título).
6. Reformulación das accións de mellora da axenda 2022-2023.
7. Asuntos de trámite.
8. Rolda aberta de intervencións.

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión da Comisión de data 13-1-2023.

Apróbase a acta por asentimento.

2. Ratificación da aprobación de cambio de título de dúas propostas de TFM.

A alumna Daniela N. Muñoz Ambiado solicitou o troco do seu título orixinal de TFM “Balance de elemento no procesable en ciclo de cal en celulosa kraft: fósforo” polo seguinte: “Balance de fósforo en ciclo de cal realizado en planta de celulosa kraft”.

Igualmente, a alumna Alicia Guzmán Pérez solicitou o troco do seu título orixinal de TFM “Estudio de la gasificación de residuos de madera para la producción de energía eléctrica utilizando grupos electrógenos” polo seguinte: “Simulación de la producción de metanol verde para su uso en grupos electrógenos”.

A Comisión acordou, polo procedemento de urxencia con data 30-1-2023, aprobar ambas as dúas modificacións de título.

Ratifícase por asentimento esta aprobación efectuada polo procedemento de urxencia.

3. Informes.

3.1) Participación en actividade de difusión internacional de mestrados oficiais da USC.

O 25 de xaneiro o Máster participou nas xornadas de difusión internacional de mestrados organizadas pola Oficina de Captación Internacional da USC, dentro do bloque de mestrados da gran área de Enxeñaría e Arquitectura. Segundo os datos recibidos da citada oficina, participaron preto de 300 estudantes procedentes de 23 países.

3.2) Celebración da “Xornada de Investigación en Enxeñaría Química”, edición 2023.

O martes 31 de xaneiro pola tarde celebrouse no salón de actos da ETSE unha nova edición anual da “Xornada de Investigación en Enxeñaría Química”. Participaron como poñentes profesores representantes de 5 grupos de investigación do Departamento de Enxeñaría Química. Alén do alumnado do GrEQ, participaron os 24 estudantes do MEQB que están a cursar o módulo 3.

4. Tribunais de defensa de TFM na convocatoria de febreiro de 2023.

Recibíronse 3 solicitudes de defensa de TFM para a convocatoria de febreiro de 2023. Proponse a distribución destas defensas en 2 tribunais, segundo as táboas seguintes:

Tribunal 1			
Presidente	Secretaria/o	Vogal	Suplente
Jaime J. Gómez Márquez	Diego Gómez Díaz	Gumersindo Feijoo Costa	M. Sonia Freire Leira

Defensas de TFM – Tribunal 1			
Hora	Alumno/a	Título	Titor(es)
10:00-10:30	González Marcos, María	Desvelando o perfil medioambiental do tratamento de microcontaminantes a través de enzimas magnéticas inmovilizadas	Moreira Vilar, M. Teresa

Tribunal 2			
Presidente	Secretaria/o	Vogal	Suplente
Jaime J. Gómez Márquez	Diego Gómez Díaz	Juan M. Garrido Fernández	Julia González Álvarez

Defensas de TFM – Tribunal 2			
Hora	Alumno/a	Título	Titor(es)
10:30-11:00	Guzmán Pérez, Alicia*	Simulación da produción de metanol verde para o seu uso en grupos electrógenos	Fernández Carrasco, Eugenio; Roca Bordello, Enrique (cotit.); Blanco López, Alexander (cotit.)
11:00-11:30	Miguélez Riádigos, Laura	Mapeado tecnolóxico e ambiental de estratexias de valorización de correntes residuais lipídicas	Hospido Quintana, Almudena; Mosquera Corral, Anuska (cotit.)

* TFM de empresa

Apróbase a configuración destes tribunais.

Acórdase tamén que os titores académicos suban directamente á secretaría virtual o documento de avaliación conforme a rúbrica de TFM, incluíndo a cualificación outorgada. Os titores de empresa utilizarán igualmente o correspondente documento de avaliación conforme a rúbrica de TFM, pero no seu caso remitirano á secretaría administrativa da ETSE, que despois lle dará traslado ó presidente do tribunal.

5. Proposta de Comisión Redactora da Memoria do título (modificación substancial do título).

Para acometer as modificacións substanciais do título, cómpre propoñer unha Comisión de Redacción da Memoria do Título. Dado que a composición da Comisión Académica do MEQB cumpre cos requirimentos de composición para a Comisión de Redacción plasmadas no “Regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado universitario e do procedemento de aseguramento da súa calidade na Universidade de Santiago de Compostela” (artigo 55), propónse que a devandita Comisión Redactora estea composta exactamente polos membros da Comisión Académica. A presidencia da Comisión de Redacción recaerá na directora da ETSE, profesora Julia González Álvarez, mentres que da secretaría se fará cargo o coordinador do Máster, profesor Héctor Rodríguez Martínez.

Propónse ademais, en liña co indicado no último parágrafo do artigo 55 do regulamento mencionado, que o Grupo Externo de Apoio ás Titulacións de Enxeñaría Química da ETSE se constitúa como Comisión Asesora da Comisión de Redacción.

A Comisión aproba estas propostas.

6. Reformulación das accións de mellora da axenda 2022-2023.

Na reunión da Comisión de data 14-12-2022 aprobáronse as accións de mellora para a axenda 2022-2023. A acción número 2 era: “Obter información de seguimento dos egresados por parte da ACSUG. (Continuación da AM-MEQB-2 da axenda 2021-22.)”. Non obstante, recentemente recibíuse información da Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización de que a ACSUG non vai realizar máis estudos de empregabilidade de egresados de másters. Así pois, intentarase proceder á modificación do peche da acción correspondente da axenda 2021-2022, non arrastrándoa á axenda 2022-2023. O estudo de empregabilidade ligado á axuda que recibiu o MEQB en novembro de 2022 circunscribírase, asemade, na acción de mellora AM-MEQB-8 da axenda 2022-2023 “Obter retroalimentación dos egresados para a identificación de aspectos a mellorar no máster”.

Por outra banda, para unha mellor visualización das outras accións realizadas ó abeiro da citada axuda, propónse:

- a reformulación das tarefas da acción número 1, de modo que se destaque a xeración do roll-up promocional e da pancarta reutilizable para as diferentes edicións que se vaian realizando do foro de empresas EQ-ETSE.
- a creación dunha nova acción de mellora AM-MEQB-2 na axenda 2022-2023, coa denominación “Formar a profesorado do Máster en metodoloxías de roles de equipo”.

Apróbanse estas propostas de reformulación das accións de mellora.

7. Asuntos de trámite.

Este curso 2022-2023 é o primeiro no que alumnado ó abeiro do dobre título coa Universidad de Concepción (UdeC) está a realizar o seu TFM na USC. A este alumnado non lle deu tempo a presentar o seu traballo para a convocatoria de febreiro, e agora vese na tesitura de ter que escoller entre ter bloqueada ata xullo a consecución do seu título de Ingeniero Civil Químico pola UdeC (alí fan a defensa do TFM a calquera momento, non hai restrición de datas) ou regresar a Chile para completar ese título pero despois ter que volver ex profeso para a defensa presencial na USC. En vista desta circunstancia, tendo en conta que para o alumnado deste convenio de dobre título que vai facer o TFM a Concepción a Comisión Académica xa ten por costume aprobar as súas defensas de TFM en versión remota mediante a ferramenta MS Teams, e buscando ademais que o feito de escoller a USC para a realización do TFM por parte do alumnado deste convenio non se vexa penalizado, a Comisión aproba de maneira

xeral que o alumnado ó abeiro do devandito convenio de dobre título que decide facer o TFM na USC poida defendelo por medios telemáticos nas convocatorias de defensa de TFM de xullo e setembro en cada curso académico.

8. Rolda aberta de intervencións.

O coordinador comenta que está previsto que o acto de graduación da IX promoción do MEQB se celebre o venres 3 de marzo pola tarde.

Sendo as 13:40 h, conclúe a reunión.

En Santiago de Compostela, a 3 de febreiro de 2023.

Héctor Rodríguez – Coordinador do MEQB